

■ NOVEMBRO-DECEMBRO 2021

Revista Galega de Información Literaria - Ano 19 N.º 113

PVP 3 €

Entrevista co Premio Nacional de Narrativa Xesús Fraga

**A edición galega
aposta por un Nadal
de libros**

**Lembren
adiantar os
seus pedidos
para o
Nadal!**

Biblos

CLUBE DE LECTORES



CARTA AOS LECTORES

Un agasallo inagardado

Como un magnífico agasallo adiantado ás festas que se aveciñan, chegounos a concesión do Premio Nacional de Narrativa a Xesús Fraga pola súa novela *Virtudes (e misterios)*. Unha sorte de milagre por moitas razóns. A primeira e fundamental, porque só en moi contadas ocasións os xurados acadan o valor de oporse ás enormes presións das grandes editoriais e axencias ou axentes literarios, dos defensores do castelán contra calquera outra lingua oficial do Estado, das cortes de escritores consagrados e críticos oficializados. Abondan para ser conscientes desta realidade algunhas críticas que suscitou a concesión do premio nos xornais madrileños, nas que o de menos era analizar a obra obxecto do galardón mentres que se atribuíu a súa concesión a supostos pagos aos nacionalismos. Curiosamente, e cunha celeridade digna de recoñecemento, era o PP de Betanzos quen reclamaba ao Concello que porfille con honores ao xornalista e escritor nado en Londres, poñendo ao mesmo tempo de manifesto de modo indirecto a consideración da súa independencia partidista.

A concesión do premio non era tampouco doada polo tipo de novela que é. E iso redobra os méritos do xurado que soubo estar á altura do texto, en aparencia tremendamente sinxelo, pero extraordinariamente eficaz á hora de novelar a historia familiar do autor centrándose na avoa e a nai emigradas a Londres. Eficaz polo dominio da lingua e dos recursos narrativos que lle permiten a Xesús Fraga crear unhas protagonistas extraordinarias rodeadas de personaxes secundarios perfectamente definidos para ofrecernos o retrato recoñecible da emigración e dunha época que nos son moi próximas.

Xa que logo, un agasallo para todos os públicos da man da editorial Galaxia que pode resolver algún que outro compromiso neste fin de ano á hora de atopar galanos.

Carmela González
Directora



Biblos
CLUBE DE LECTORES

Biblos Clube de Lectores, S. L.

Quintá N.º 8 - Mandaio
15391 Cesuras - A Coruña

Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039
www.biblosclubde.com

email: subscritores@biblosclubde.com

Depósito Legal: C 285-03
ISSN: 1697-7440

A Portada

Ao agasallarmos libros non só estamos compartindo un obxecto. Un curioso artefacto feito de follas de papel unidas de tal xeito que se pode acceder a todas elas mediante un simple mecanismo. Pero o máis importante dese traballo é que encerra pensamentos, vivencias, anxeos, ou coñecementos que alguén determinou pór en común co mundo. Comparte! Agasalla libros!



De novo a gozar

Da man de Emma Pedreira retomamos as presentacións na librería Biblos de Betanzos. A escritora chegou cargada cunha maleta con libros, para falar sobre libros e disposta a facelo dende a súa posición de lectora serodia e pertinaz. Viña compartir unha chea de confidencias arredor de *Os libros que hai en min*, a súa máis recente publicación na que fala de vivencias arredor das obras que supuxeron un antes e un despois na súa singradura como lectora. No mes de setembro inauguramos a exposición do artista cubano Omar Kessel (*La Habana 1953*) baixo o título de "Solo lápiz" con dez obras feitas con lápiz de cor sobre cartolina negra

e dúas tallas en madeira pintada en oco, todas elas en formato grande. A figura feminina é o denominador común en todas elas. O autor leva case trinta anos vencellado a Galicia, a maioría como xefe de taller do Centro Internacional de Estampa Contemporánea de Betanzos que preside Jesús Núñez, quen recentemente ingresou na Real Academia Galega de Belas Artes como académico de honra. Pouco despois os poetas Óscar García Ramos e Xosé Luís Mosquera Camba abríronnos as portas cara o complexo universo de *Consecuencias*, o poemario que o primeiro vén de publicar na editorial Caldeirón. De

seguido chegou *Popsía*, o novo proxecto musical de Fran Amil. Quen a ritmos de pop, soul, rock, *funky* en mestizaxe coas raíces da música tradicional quere achegar os clásicos da lírica galega de tódolos tempos á mocidade do século XXI. E para rematar, o betanceiro Xesús Fraga falou longo e tendido da xestación da súa novela *Virtudes (e misterios)* que mereceu o Premio Nacional de Narrativa deste ano. Foi nun encontro ao ar libre cos tamén escritores Xabier López López e Rubén Ruibal quen contribuíron a debullar moitos detalles ata agora descoñecidos da novela e tamén da traxectoria literaria e vital de Xesús Fraga.



Di Xesús Fraga da novela coa que mereceu o Premio Nacional de Narrativa

“O que buscaba era contar a historia da miña familia do mellor xeito posible”

A novela comeza coa lembranza de cando a avoa Virtudes se anoxaba e lle rifaba, máis o libro que recolle a historia desta muller de gran coraxe foi até o de agora fonte de grandes alegrías para o autor, posto que mereceu o Premio Blanco Amor, primeiro, e despois o Premio Nacional de Narrativa. En *Virtudes (e misterios)* Xesús Fraga (Londres, 1971) aborda con destreza, soltura e moita honestidade unha parte da súa historia familiar que transita polos vieiros da emigración. Faino cunha prosa coidada e sen soltar o fio dun contexto no que se revelan moitos dos cambios polos que pasou o país nos últimos decenios. O relato é o vogar de dúas xeracións de mulleres valerosas, mais tamén fala —e moito— de como se convive co desarraigo, a soidade e as preguntas sen resposta.

—Segundo comentou na presentación de *Virtudes (e misterios)* na librería Biblos, cadroulle o que Natalia Ginzburg dición do seu libro autobiográfico *Léxico familiar* cando explicaba que, aínda que baseado en feitos reais, lle gustaba pensar que ía lerse como unha novela á que se lle pide todo o que adoito se esixe á ficción. Semella que vostedes dous falan na mesma linguaxe.

—Ese libro foi unha delicia de lectura. Ademais, chegou nun momento crucial (grazas á recomendación de Héctor Abad Faciolince) porque eu andaba a voltas co ton que precisaba para o

meu propio libro. Esa sinxeleza e lixeireza, ese contar as cousas da casa con naturalidade, era o que eu buscaba.

—A experiencia da súa avoa racha coa idea patriarcal da emigración galega. Pretendía vostede esnaquizar algún tópico?

—O único que buscaba era contar a historia da miña familia do mellor xeito posible. As diferentes lecturas que se poden extraer do libro xa son *a posteriori*. A miña avoa rachou con máis dun tópico. Se ao relatar a súa historia podo contribuir a que se recoñeza o que acadou e, canda ela, moitas outras tantas mulleres, pois estarei moi contento. Pero xa digo que na escrita non vai buscando temas, motivos ou ideas conceptuais, senón que estas teñen que ir agromando coa propia historia.

—A novela parte dunha experiencia particular que ben podería ser universal. Betanzos é de novo unha *magic town*. Calquera persoa, e máis se é migrante, podería identificarse coas historias do libro.

—Seica houbo un tempo no que os betanceiros emigrados ao Reino Unido supuñan unha porcentaxe equivalente ao 10% da poboación do municipio. Ao falar

sobre a miña familia estaba facéndoo tamén sobre experiencias análogas na nosa contorna. Os sentimentos asociados á emigración, como a soidade e o desarraigo, tamén están no libro, polo que hai persoas que proxectan sobre a súa historia as súas propias, ou polo menos iso é o que me contan en cartas chegadas tanto dende Galicia como de fóra.

—No relato hai un exercicio de valentía que o leva a quedar espido diante do que dirán tantas persoas que coñecen a personaxes reais que transitan pola novela. Foi difícil tomar a decisión de falar tan abertamente do propio?

—Como comentei antes, na escrita un vai guiado por un mapa que se trazou previamente pero sempre atento á descuberta nun territorio novo. Navegar o pudor e as súas trampas tamén era parte desa aprendizaxe. Nese mapa eu tiña dous obxectivos, tratar de entender a nosa historia e non fugar gratuitamente en feridas que no seu día causaron moita dor: o que non servía a ese propósito quedou fóra da historia.

—Cal sería a súa recomendación para quen dubidan se entregarse ou non á lectura desta obra?

—O libro agora xa ten unha vida de seu e debe ser el o que convoque a entrar nas súas páxinas. Pero diría que pode apelar a quen teña interese nas historias familiares, nos temas da emigración e nos cambios polos que pasou o país nos últimos decenios.



Xesús Fraga **Virtudes (e misterios)**

Contar a emigración dende a parte dos retornados. O relato dunha epopea como a que protagonizaron tantas mulleres galegas que, levadas pola adversidade, rematan percorrendo o mundo á procura dun futuro mellor.

Galaxia 14 x 21 cm Rústica 364 páxinas

ISBN: 978-84-9151-448-0
18,72 €

Miguel Anxo Mato Fondo



Sisley no xuncal da trave

Libro delicadísimo onde a vida do escritor nado en Ponteceso se mestura coa paisaxe e coa vivencia artística. Poderíase dicir que son páxinas de prosa poética, mais trátase de moito máis. Poesía, pintura, música, memoria.

Medulia Rústica 14 x 21 cm 134 páxinas

ISBN: 978-84-124173-8-8

14,90 €

Xabier Quiroga

O baile dos estornións


Un afamado escritor, con problemas cardíacos e de creatividade, recibe un suposto agasalho en forma de historia por parte dun ancián moribundo co que comparte cuarto de hospital. O breve e intrigante relato, que aparentemente ten que ver con Castelao e con certos acontecementos trágicos da posguerra galega, aviva a curiosidade do escritor, polo que iniciará unha investigación na que, en principio, non cre. Novela concibida como remate da Triloxía da Ribeira Sacra, que fusiona de xeito maxistral unha investigación actual, a cargo do escri-

tor e mais dun personaxe con alma de detective cunha escura e sorprendente trama do pasado.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 800 páxinas

ISBN: 978-84-9121-913-2

22,70 €



Xosé Ricardo Losada



Xosé Ricardo Losada (Rianxo, 1961) é profesor de Filosofía no Instituto Félix Muriel de Rianxo. En 2005 publicou o libro de relatos *O xene da chuvia*, e un ano despois gañou o III Concurso de contos Liceo de Noia. Tamén é autor de *Dez anos de poesía*, Premio Faustino Rey Romero 2008 e de *Faustino Rey Romero: obra poética e teolóxica*, publicado en 2013, sobre a produción completa do crego poeta. Como resultado deses traballos de investigación deu ao prelo en 2015 a biografía *Faustino Rey Romero. Un evanxeo bufo* e, en 2018, *Manuel Antonio. Vida e misterio dun poeta galego*. A súa primeira novela, *Bótame deste mar fóra*, saíu á luz en 2017. Con *A casa xunto ao volcán* gañou o Premio Viadutos de Novela 2019, e con *O rosario e a buguina* a XXXII edición do Torrente Ballester.



PREMIO TORRENTE
BALLESTER 2020

O rosario e a buguina

Enfermo de tuberculose, o poeta Manuel Antonio pasa os últimos días de vida na súa casa de Asados, coa única compañía da nai, dona Pura. A morte preséntase cedo e con ela o conflito de recibir a extrema unción, que é o desexo da nai, pero o fillo negase. El tamén ten unha petición: que dona Pura consinta que lle lea o primeiro e o derradeiro poema de *De catro a catro*, estrofa a estrofa, para que el poida explicarlle, con ese libro, o sentido último da súa vida e a necesidade obsesiva de ser poeta. *O rosario e a buguina* novela a relación entre eles, baseada ata entón nos silencios e nas carencias afectivas, que deberán superar a pesar das súas antagónicas concepcións do mundo. A ideoloxía conservadora da nai fronte ás ideas revolucionarias do fillo, a moral cristiá en contraposición a unha vida disipada e inmadura e, por riba de todo, o amor que se profesan aínda que lles custe demostralo. Unha historia profunda, onde se mesturan os sentimentos a través das dúas voces protagonistas do relato que se enfrontan á morte de maneiras moi distintas.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 160 páxinas

ISBN: 978-84-9151-728-3

15 €

Antonio Piñeiro


Trávelin

Santiago de Compostela, anos oitenta. Unha nova no Telexornal dá conta do achado dun vehículo abandonado entre as silveiras da periferia. O inspector Alafín examina o escenario. Ese é o punto de partida da pescuda que o leva por toda a cidade, percorrendo os locais de moda e sacándolles aos informadores de confianza as pistas para capturar a quen está detrás dos graves feitos relacionados co caso. O seu percorrido é tamén o da gandaina, o dos bares, o dos pubs, o das músicas e o do ambiente en que atopará os peculiares suxeitos dunha década que trouxo consigo esoutros recellos de sombra e marxinalidade.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-9121-934-7

16,43 €



XXV PREMIO
MANUEL LUEIRO REY
DE NOVELA CURTA

ANTONIO PIÑEIRO
TRÁVELIN

Ana Cabaleiro


Deixádenos remar

A vida nun modesto arrabalde vese trastornada coa construción dunha flamante urbanización de chalés acaroados. A medida que as vivendas se venden e os novos veciños se van asentando, o muro exterior da urbanización transfórmasse en fronteira e o microcosmos do barrio acaba por se dividir en dous bandos. Mais non se trata dunha rivalidade polo territorio, senón da colisión entre dúas formas de vida que se converte nunha lenta e constante guerrilla de pequenas escaramuzas veciñais, na reafirmación do status comunitario dos humildes, e na manifestación dos soños e loitas dependendo do lado do muro en que se habite.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-9121-933-0


16,43 €



FINALISTA DO
PREMIO XERAIS
DE NOVELA 2020

ANA CABALEIRO
DEIXÁDENOS REMAR

Ledicia Costas





Golpes de luz

Xulia é xornalista e acaba de separarse, polo que regresa a Galicia co seu fillo Sebas. O rapaz ten dez anos e está convencido de que a avoa Luz é o deus Thor porque nunca se separa do seu martelo. Malia que agoche polvoróns nas medias, beba Sansón ata ver dobre e diga mentiras sen parar, Sebas adora a súa avoa. Xulia non opina o mesmo. Para ela, volver á casa familiar supón enfrontarse a un pasado cheo de segredos que precisa desvelar. O narcotráfico na Galicia dos anos noventa, o mundo dos coidados e a procura da verdade envolven este melodrama, salvaxe e tenro, habitado por uns personaxes inesquecibles.

Xerais Rústica 15,5 x 23 304 páxinas
ISBN: 978-84-1110-036-6
17,57 €

José Mondelo




Soamente unha vez

Unha cadela que acompaña a dous cazadores descobre no monte o cadáver dunha muller desaparecida. O feito obriga o singular inspector Paiana a centrarse no caso. Pero ao contrario do que acostuma a suceder neste tipo de relatos, nesta novela o asasinato non o invade todo, senón que queda inserido no traballo habitual e cotián dos funcionarios. Os policías continúan a falar das súas cousas, chancean mentres agardan a chegada da xuíza e o inspector da científica intercambia receitas de cociña coa forense ao tempo que examina o cadáver. Porque, como di un dos personaxes, o morto parou, mais a vida segue adiante.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 336 páxinas
ISBN: 978-84-1110-035-9
18,05 €


Óscar Senra Gómez



1928 km


Ao estilo de un roadmovie, en 1928 km acompañamos Elisa e Amália de Vedra até Bruxelas. Uma viagem de ida e volta que supom o retorno das protagonistas de Sete días con Elisa, e que marcará para sempre as súas vidas. "Elisa suspira e fecha os ollos con forza dous segundos ao mesmo tempo que aperta o volante con todas as súas forzas. Deseja desesperadamente un cigarro, mas non quer desperdiciar nem uma pinga de gasolina parando o carro. Levanta um pouco o pé do acelerador e baixa até aos 50 km/h. Agripina desliza suave pola estrada sem esforço, e Elisa segue o seu exemplo, deixa fluir as palabras, sem saber onde a levarám."

Através Capa mole 13 x 21cm 146 páxinas
ISBN: 978-84-16545-60-5
13 €

Diego Ameixeiras
O cervo e a sombra

Mateo tenta saír adiante vendendo cocaína e deixándose enredar polos estraños negocios que lle ofrece Silvio, o seu mellor cliente e un vello amigo co que se sente en débeda. Ao mesmo tempo, mentres se esforza en superar a morte dos seus pais nun accidente de tráfico, ocúpase de atender a Eulalia, unha mestra xubilada. Na loita por non renderse ante as circunstancias, procura o apoio de Andrés, un sacerdote que anos atrás o axudou a desintoxicarse. Pero os seus terrores non están dispostos a abandonalo.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 160 páxinas
ISBN: 978-84-9121-992-7
16,72 €

Domingo Villar
Algúns contos completos


"Este libro de contos pretende celebrar a vida e a amizade nun encontro, como nas nosas reunións de amigos, entre os meus pequenos relatos e os maravillosos linogravados de Carlos Baonza", segundo afirma o propio autor. Carlos Baonza é artista. Nesta obra debuxa, pinta, esculpe e ilustra con linogravados os contos do seu amigo Domingo Villar.

Galaxia Rústica 20,5 x 26 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-9151-651-4
18,95€

Cecilia F. Santomé
Unha rapaza de provincias

Carmen chega a unha Barcelona vibrante, moderna e chea de contrastes para pasar o verán de 1979. Coa súa irmá Pilar e o seu cunhado Gabino como guías, descubrirá unha sociedade de nos antipodas da súa aldea, tan pequena, tan pechada. Mais non todo en Barcelona é de cor de rosa. Carmen comprobarao cando busque colocación como criada nos barrios altos, para sacar uns cartiños mentres non regresa á casa. Ao servizo de señoras adiñeiras, cocinará, fregará, escoitará moito e calará aínda máis.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 104 páxinas
ISBN: 978-84-9121-993-4
15,20 €

Vicente Risco
O porco de pé
(Edición ilustrada)

Unha das obras máis coñecidas de Vicente Risco, amais da primeira novela negra moderna a dicir de moitos críticos, chega agora con ilustracións de Xavier Varela nunha edición ao coidado de Raquel Vila-Amado e Tomás González Ahola. Un cadro paródico amargo da Galicia caciquil onde o narrador dispara contra todas as ideoloxías para pintar unha imaxe esperpéntica de comezos do século XX.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 230 páxinas
ISBN: 978-84-9151-734-4
15 €




Xoaquín Fernández Leiceaga
Baixo as alas de abril

Febreiro de 1989. Tras o atentado contra un cuartel da Garda Civil, o comisario Miguel Santos, coñecido por afastarse dos métodos empregados pola anterior policía franquista, ocúpase da investigación. A detención do grupo independentista autor do feito é obxectivo prioritario do goberno español. As implicacións políticas para a democracia axiña se han engadir as consecuencias na vida dos militantes do grupo armado e dos seus achegados. Persecucións, interrogatorios, vidas demoucadas: a trama penetra no ambiente sindical e estudantil compostelán para deixar á vista a cicatriz perenne da liberdade. Unha novela de intriga policial coa que Fernández Leiceaga indaga nas raíces da sociedade actual. Amor, violencia, nación. As ilusións perdidas acaban por dar forma á realidade.

Galaxia Rústica
 13,5 x 21 cm 460 páxinas

ISBN: 978-84-9151-717-7
 22,23 €




Paco Castro Alvaredo
De Benposta a Lamaboa

Manuel, nunha viaxe bidireccional, camiña simultaneamente ao pasado e ao futuro, recuperando a memoria que necesita para construír a esperanza. As quince personaxes que se reúnen en Casa Filomena para reflexionar sobre a súa experiencia vital e común, son tamén unha referencia simbólica ao grupo dos quince que, co cura Jesús César Silva Méndez, fundaron Benposta. Unha recreación que constitúe un particular "Poema Pedagóxico" da experiencia benpostea, mais tamén permite extraer as referencias para construír o novo proxecto de Lamaboa. Mais Lamaboa non é un lugar de destino senón un camiño, daquela pon no horizonte chegar á orixe do río Mao, ofrecendo con iso outra metáfora da vida. Pois é posible que a vida non sexa máis ca unha viaxe ás orixes.

Laiovento Rústica
 14 x 21 cm 306 páxinas

ISBN: 978-84-8487-545-1
 20,85 €




Tito Pérez Pérez
O grupo

Novela curta onde os personaxes acaban por conformar o entorno urbano do que eles mesmos participan. O modo de falar, a pandilla, os lugares ós que adoitan ir. Todo queda reflexado nestas páxinas que poderían ter protagonizado calquera grupo de rapaces.

Medulía Rústica
 14 x 21 cm 138 páxinas

ISBN: 978-84-124173-4-0
 14,90 €




Miguel Tallón
Pessoa e a súa sombra

Podería ser certo que un dos poetas sagrados da cultura europea contemporánea tivese sido un impostor? Fernando Pessoa, sen dúbida entre a media ducia de poetas que deixaron a marca máis fonda no século XX, fixo coñecidos ós que el chamaba os seus heterónimos: Alberto Caeiro, Ricardo Reis, Álvaro de Campos, os tres principais entre outros moitos; personalidades imaxinadas ás que atribuíu a autoría dunha parte importante da súa obra.

Toxosoutos Rústica
 15 x 21 cm 214 páxinas

ISBN: 978-84-123922-8-9
 13 €




Anxo Muíños e Eila Gómez
Xinque!

Fanes, unha adolescente de ascendencia sueca e portuguesa, encta o seu propio percorrido vital na procura dos misterios do mundo seguindo o ronsel do pai, o antropólogo Ingemar Westerstam, no medio dunha Europa que esperta aos aires revolucionarios do Maio francés e a Primavera de Praga.

Toxosoutos Rústica
 15 x 21 cm 348 páxinas

ISBN: 978-84-123922-2-7
 19,95 €



Óscar M. Guzmán
Os segredos de Teresa

Rúa Cervantes. Ourense. No interior dun piso unha anciá mantén un enigmático diálogo cun home. Os sorprendentes sucesos posteriores poñen en marcha o equipo da Policía Nacional para intentar resolver o enredo. Unha viaxe ao pasado, percorrendo diversas localizacións emblemáticas levará a tres policías, un novelista, un forense e unha xuíza a intentar desvelar a vida desta misteriosa muller.

Toxosoutos Rústica
 15 x 21 cm 235 páxinas

ISBN: 978-84-123922-6-5
 15,20 €



Pablo Trabadelo
Jaloffeim

Jaloffeim é, ante todo, unha chanza privada do autor, e un enigma. Despois, ou de paso, é un odeiro. Odas de aspectos diversos e espírito unitario, dedicadas ás cousas que realmente as merecen: un neno que caza víboras, a alimentación hipercalórica, unha cinta de casete de Víctor Manuel, ter unha follada de Excel para organizar as series, e outras grandes xestas desas que chaman "pequena" historia, "micro" ou "da xente que morre cos cadrís desfeitos".

Toxosoutos Rústica
 15 x 21 cm 68 páxinas

ISBN: 978-84-123922-4-1
 12 €




Luis de la Calle Carballal
A casa da torre e outros relatos inverosímiles

Libro de relatos vencellados coa ampla tradición literaria galega de literatura fantástica e de medo: os textos beben nos autores canónicos dos séculos XIX e XX, mais tamén no folclore, mitos e lendas europeas.

Toxosoutos Rústica
 15 x 21 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-123922-9-6
 15 €



VV AA
Tecido de voces

Hai un momento de culminación do proceso literario do que se fala con certo misticismo: o intre no que quen escribe recibe a súa obra convertida nun libro. Mais fóra dese romanticismo, o certo é que o momento máis fascinante da creación literaria é o propio proceso en que a autora ou o autor imaxina o seu relato ata dar, case maxicamente, con esa idea, ese concepto que serve para entender o mundo. Iso é a voz. A voz.

Toxosoutos Rústica
 15 x 21 cm 342 páxinas


ISBN: 978-84-124226-0-3
 18,05 €



Caitlin Moran Como ser famosa

Unha novela que fala sobre amizade, feminismo e a busca do lugar que a persoa ocupa no mundo. Tamén de Londres, da vitalidade do pop británico e da perniciosa obsesión pola fama. E faíno sen complexos, lanzando opinións demoledoras sobre todo o que se lle pon por diante á protagonista dende a columna que escribe. Traducida desde o inglés por Estela Villar Nogueira.


Rinoceronte Rústica
13,5 x 21,5 cm 322 páxinas
ISBN: 978-84-17388-65-2
19,85 €



Cristopher Morley O parnaso sobre rodas

Helen McGill é unha muller de 39 anos que vive nunha granxa co seu irmán, Andrew, que só pensa en converterse nun escritor famoso. Helen está cansa de ter que coidar del, así que, cando Roger Mifflin se presenta na súa casa coa intención de venderlle a súa librería ambulante a Andrew, decide mercala ela mesma. Helen quere aproveitar esta oportunidade para vivir as súas propias aventuras e percorrer o mundo, e a travesía co señor Mifflin, chea de andanzas e sucesos extraordinarios, fai que se entusiasme coa natureza e cos libros e descubra os valores e o estilo de vida dun vendedor ambulante. Traducida desde o inglés por Estela Villar Nogueira.

Rinoceronte Rústica
11 x 18 cm 226 páxinas
ISBN: 978-84-17388-60-7
15,20 €



Ibrahima Balde e Amets Arzallus Antia Miñán

Ibrahima é un adolescente nacido nunha aldeia de Guinea, sen expectativas de futuro. Cando lle morre o pai convértese no cabeza de familia e exerce diversas profesións, pero o seu soño é ser condutor de camiións. Porén, o seu irmán pequeno Alhassane foxe da casa para perseguir o soño europeo, e Ibrahima ten que arriscar a vida para atopalo antes de que embarque nunha patera e convence-lo de que volva á casa. Tradución do éuscaro de Garbiñe Ugarte Graziante para luzeta.


Rinoceronte Rústica
13,5 x 21,5 cm 176 páxinas
ISBN: 978-84-17388-68-3
16,15 €



Italo Svevo A historia do bondadoso vello e da fermosa moza

Crendo chegada a súa derradeira oportunidade para gozar do amor, un adifeirado vello aventúrase na sedución dunha fermosa moza tras coñecerla no tranvía de Trieste. O ancián tira partido, mesmo intelectual, da situación, e chega a manexar, no seu beneficio e exculpación, a necesidade de amparo ante as dificultades da vida. O relato salienta pola utilización de técnicas narrativas do que se entende por escritura moderna, pola inclusión constante de frases sintéticas e memorables e por unha prosa decantada con esmero, con toques de ironía e un humor cruento no retrato da situación. Traducido por Isabel Soto.


Huguin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 88 páxinas
ISBN: 978-84-122593-8-4
12 €



François Rabelais Gargantúa e Pantagruel

Pantagruel presenta unha orixinalidade total: a fusión de xéneros populares, a sátira sen piedade dos inimigos do ideal humanista e as pinceladas do real na amálgama da fantasía. *Gargantúa* non presenta o zigzag narrativo do seu predecesor, mais sendo unha obra con obxectivo ideolóxico non perde por iso o carácter lúdico e festivo. Tradución dende o francés, introdución e notas de Henrique Harguindeguy Banet.

Rinoceronte Rústica
14,5 x 22 cm 356 páxinas
ISBN: 978-84-17388-66-9
21,85 €



Arundhati Roy O deus das pequenas cousas

Debut literario de Arundhati Roy en 1997, é a historia de tres xeracións da familia Ipe, marcada polo amor prohibido e a morte. Ammu abandona o seu marido, alcohólico e maltador, e marcha á casa familiar no suroeste da India cos seus fillos. Como muller divorciada é considerada unha paria, mesmo por parte da súa propia familia. A súa situación empeora cando namora dun dalit, un intocable.


Faktoria K Rústica
13,5 x 20,5 cm 224 páxinas
ISBN: 978-84-16721-94-8
17,10 €



Patrick Süskind O perfume

Jean-Baptiste Grenouille naceu seis anos antes da Revolución Francesa no barrio máis fedorento de París. Ten a extravagante cualidade de non desprender olor ningún e o don dun olfacto prodixioso. Abandonado de pequeno ao coidado duns frades, escala posicións ata converterse nun afamado perfumista capaz de cativar o corazón das persoas percorrendo inquantos camiños. Traducida por Patricia Buxán Outeiro.

Faktoria K Rústica
13,5 x 20,5 cm 18 páxinas
ISBN: 978-84-16721-93-1
17,10 €



Bernardo Atxaga Obabakoak

Un texto que invita á evocación e a reflexión literaria a través de 26 relatos baseados en lembranzas de infancia do autor. Publicado en 1988, é o libro en éuscaro de máis sona internacional. Mereceu diversos premios. En tradución ao galego de Ramón Nicolás.


Faktoria K Rústica
13,5 x 20,5 cm 416 páxinas
ISBN: 978-84-16721-95-5
19 €



Denis Diderot Xácome o fatalista

Amais de ser un dos principais filósofos da Ilustración, Diderot foi entre outras moitas cousas, novelista. Co seu *Xácome* transita a cabalo da fantasía polos meandros dun río con mil revoltas e afluentes: contos lixeiros, historias tremendas, filosofía, moral laica, pinchacarneiros, bromas e veras. Libro indefinible, divertido, marabilloso. Tradución, limiar e notas á edición de Dario Xohán Cabana.


Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 418 páxinas
ISBN: 978-84-9151-737-5
18,81 €



Maria Edgeworth Leonora

Publicada en 1805, esta novela mestura a espionaxe, a intriga política e o nacionalismo. A idea de escribir *Leonora* xurdiu tras a viaxe de Edgeworth a París, onde asistiu a moitas reunións nas que se debatían temas controvertidos, como o divorcio ou a liberdade sexual feminina. Segundo a autora, *Leonora* era "un volume de cartas cos personaxes dunha esposa amábel, unha heroína sentimental que se dá moitos aires, coma as das últimas novelas parisienses, e unha anciá que moraliza sobre as maneiras femininas e as consecuencias dos principios sobre os que actúan tales heroínas." Tradución do inglés, introdución e notas de Carmen María Fernández Rodríguez.


Rinoceronte Rústica
14,5 x 22 cm 274 páxinas
ISBN 978-84-17388-67-6
19,95 €



John Galsworthy O estoico

Sylvanus Heythorp, cuxas empresas se atopan na bancarrota, pasa os derradeiros días da súa axitada vida centrado en asegurarlles un futuro á súa nora e aos seus netos, malia seren os descendentes dun seu fillo ilegítimo froito dun amor de xuventude. A pesar dos modos brutáns e da expresión seca do vello, hai nel, no fondo, unha certa dignidade e nobreza de espírito, valores dos que carecen outros personaxes. A presente obra publicouse en 1918 como unha das cinco partes integrantes da compilación *Five Tales*, e dous anos máis tarde en volume exento. Cun gran dominio da técnica e cunha linguaxe desprovista de artificios, Galsworthy compendia nesta novela curta gran parte dos temas que trataría por extenso en *The Forsyte Saga*. A tradución é de Antía Veres.

Huguin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 152 páxinas
ISBN: 978-84-122593-9-1
14 €



Wagner G. Barreira Demerara

Bernardo é un mozo que se criou nun orfanato de Vigo. En 1918, tras deixar a institución, leva unha vida errante polos arredores do porto e embarca no vapor *Demerara* camiño do Brasil, nunha viaxe sen perspectiva e sen vontade, sen saber que o destino o fai compañeiro de viaxe da pandemia da gripe española. Mestura de ficción e feitos históricos, a novela naceu a partir das pescudas do autor sobre as orixes do seu avó paterno, do que pouco sabe: era vigués, chegou ao Brasil no navío *Demerara* e morreu o día do bautismo do seu único fillo. O autor fai un traballo minucioso de investigación que proporciona ao libro unha forte base histórica a través dunha escrita potente, elegante e fluída que achega a unha época en tempos de pandemia. Traducido do portugués por Leandro García Bugarín.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 212 páxinas
ISBN: 978-84-9151-619-4
15,91 €



Ilse Losa Río sen ponte

Segunda novela de Ilse Losa, escrita en 1952. A acción desenvólvese na Alemaña de 1933. Johann Schuster e Jutta Berner coñécense nunha Asociación da Mocidade, e Jutta atopa nel un benestar que non experimentara ata ese momento. Con todo, a súa relación interrómpese polas circunstancias políticas e económicas. A protagonista vese obrigada a deixar o seu país por mor da crise. O destino é Londres, onde se dedica a coidar os nenos dunha familia de ascendencia xudía, nun escenario de persecución dos xudeus e de todos aqueles que non comparten a ideoloxía do III Reich. En tradución de Anxo Tarrío.

Hércules Rústica
14 x 21 cm 240 páxinas
ISBN: 978-84-18966-12-5
15,20 €
En castelán:
Río sin puente
ISBN: 978-84-18966-11-8



Olli Jalonen A esfera celeste

Angus ten sete anos e vive coa súa nai e a súa irmá na illa de Santa Helena. O astrónomo Edmund Halley encárgalle contar o paso de certas aves. Mentres practica, Angus soña con viaxar a Londres e traballar como axudante de Halley. Quen lle diría que alguén tan humilde coma el chegaría a desempeñar un papel determinante na historia da ciencia.


Faktoria K Rústica
15 x 23,5 cm 560 páxinas
ISBN: 978-84-16721-90-0
17,10 €
En castelán:
La esfera celeste
ISBN: 978-84-16721-91-7



Robertson Davies O quinto en cuestión

Considerada a mellor novela canadense do século XX, narra a historia dun home racional que descobre no máximo un aspecto máis da realidade. Una reflexión sobre o destino, o azar e o paso do tempo. É a obra dun autor erudito trazada cunha inusual profundidade, entre a melancolía e un sutil sentido do humor. Publicada en tradución de Alejandro Tobar.

Faktoria K Rústica
13,5 x 20,5 cm 436 páxinas
ISBN: 978-84-16721-82-5
17,10 €



Aldous Huxley Un espléndido mundo novo

Presenta un futuro lonxano onde o mundo alcanza a felicidade absoluta grazas a unha nova realidade deseñada a partir do lema "Comunidade, identidade, estabilidade". A poboación vive na ignorancia a través dun depurado lavado de cerebro. Cando se publicou en 1932 foi cualificada como unha distopía, pura fantasía, mais resultou visionaria e premonitoria. En tradución de Alejandro Tobar.

Faktoria K Rústica
15 x 23,5 cm 344 páxinas
ISBN: 978-84-16721-88-7
17,10 €



Irene Solà Canto eu e a montaña baila

Un lóstrego bate enriba de Domènec, o poeta-labrego do Pirineo, que morre de inmediato. O lapso fugaz entre a vida e a morte marca esta historia de historias na que se mesturan pasado, presente e futuro; onde conviven realidade e ficción, historia e mitoloxía. Nesta zona consérvase a memoria de séculos de loita pola supervivencia, e de guerras fratricidas. En tradución de María Alonso Seisdedos.

Faktoria K Rústica
13,5 x 20,5 cm 224 páxinas
ISBN: 978-84-16721-83-2
16,15 €



Gaël Faye Pequeno país

Burundi, 1992. Gaby ten dez anos e pasa o día cos amigos nas rúas de Bujumbura, cos que rouba mangas nos xardíns do barrio, se baña no río e fuma ás agachadas. Pero a súa vida libre de preocupacións é interrompida pola separación dos pais (francés e ruandeses) e pola guerra, que o desposuírá do paraíso da infancia e o obrigará a medrar a marchas forzadas. A tradución do francés é de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 x 21 cm 204 páxinas
ISBN: 978-84-17388-59-1
17,10 €

100X100 COMPROMISO

Contribuíndo ao desenvolvemento; sendo o maior motor de emprego no sector da alimentación en Galicia; potenciando a cultura, o deporte e a integración social; garantindo un servizo de calidade con máis e mellores puntos de venda para ofrecerlle ao cliente a mellor experiencia de compra. Traballando polo futuro de Galicia.



100X100 COMPROMETIDA CO FUTURO DE GALICIA



gadisline.com

Novos títulos da colección Do berce á lúa

A colección Do berce á lúa de Kalandraka medra con dous novos títulos. Son libros de colorido intenso, gran sinxeleza e forza musical. Cada un é un poema completo construído sobre a base dunha estrutura poética de cancionero infantil.

Kalandraka Cartonado 16 × 16 cm 18 páxinas

8,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Antonio Rubio e Óscar Villán

Xoguetes

Reúne obxectos adoito utilizados polos bebés para o seu desenvolvemento sensorial.

ISBN: 978-84-1343-085-0

En castelán:

Juguetes

ISBN: 978-84-1343-086-7

Viaxes



Os protagonistas, de distintas idades e culturas, desprázanse en medios de locomoción individuais e colectivos.

ISBN: 978-84-1343-083-6


En castelán:

Viajes

ISBN: 978-84-1343-084-3



XIV PREMIO INTERNACIONAL
COMPOSTELA DE ÁLBUM
ILUSTRADO



Marina Gibert
Selva

A través das imaxes, sen palabras, narra o divertido paseo dun neno por unha paraxe de exuberante vexetación que enche a totalidade de cada dobre páxina. Unha metáfora da vida na que nada resulta ser o que parece nunha suxestiva proposta para participar da aventura e da fantasía.

Kalandraka Cartonado
22 × 28 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-110-9

15 €

En castelán:

Selva,

ISBN: 978-84-1343-111-6



VV AA
Minilibros imperdibles 6

Caixa que contén sete libros en miniatura: *O conto do outro día, Atrapamiradas, Chofer de sandías, Ratos na escola, Paxaros, Amora e Un fantasma con asma.*

Kalandraka Rústica
7 × 7 cm 10 páxinas

ISBN: 978-84-1343-106-2


10 €

En castelán:

Minilibros imperdibles 6

ISBN: 978-84-1343-107-9

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




A ratiña presumida

Texto de BATA a partir da versión de José A. López Parreño para achegar a lectura a nenos e nenos no espectro do autismo valéndose de pictogramas. Adaptouse reducindo as palabras con carga alegórica, as metáforas e restando abstracción á linguaxe. Traducido por Iago Nicolás e ilustrado por Alicia Suárez.

Kalandraka Cartonado
22 × 22 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-113-0

13 €



Ylla
Dous osiños

Publicado en Nova York en 1954, este álbum foi un éxito mundial na idade dourada dos libros ilustrados con fotografías. Dous cachorros saen do tobo e xogan ansiosos por descubrir o que hai fóra, ata que se decatan de que están perdidos e piden axuda a outros animais. A autora, Camilla Koffer (Viena, 1911-India, 1955) foi unha das principais fotógrafas de animais da época. A tradución é de Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado
22 × 28 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-115-4

15,20 €

En castelán:

Dos ositos

ISBN: 978-84-1343-116-1

R. J. Peralta**Bos días, avoa**

A avoa esperta aos netos. Vísteos, lévaos á parada do bus, fai o xantar, xoga e apréndelles moitas cousas. Ten moitísimos anos, aínda que non sempre tivo tantos. Quéreos moito e eles tamén a ela. Con ilustracións de Blanca Millán.

Hércules Cartonado
22 x 30 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-18966-19-4
13,50 €

En castelán:

Buenos días, abuela

ISBN: 978-84-18966-18-7

Boniface Ofogo**A paso de tartaruga**

Logo do éxito do *León Kandinga*, o narrador oral Boniface Ofogo adapta outro relato de tradición milenaria africana, protagonizado pola criatura máis lonxeva e perseverante. Ademais de derrubar certos prexuízos o texto pon o foco na supremacía que os humanos exercen sobre outras especies. Con ilustracións de Rebeca Luciani. A tradución é de Manuela Rodríguez.

Kalandraka Cartonado
26,5 x 21 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-108-6
15 €

Estefanía Padullés**Que mal día, gato Klops!**

Ao gato Klops o día non lle pode ir peor: pícanlle os mosquitos, chove, a avoa bérralle. Que máis lle pode acontecer? De súpeto, unha estrela aparece diante do seu focinho e, ao final, non será un día tan malo para Klops.

Hércules Cartonado
17,5 x 27 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-18966-04-0
13,50 €

En castelán:

¡Qué mal día, gato Klops!

ISBN: 978-84-18966-03-3

Caterina Valriu**Mamá, de onde veñen os bebés?**

Una nena pregunta de onde veñen os bebés. As palabras da súa nai, embarazada, convidan a descubrir como en todas as culturas as respostas se enchen de símbolos e de poesía. Un conto escrito por Caterina Valriu e ilustrado por Toni Galmés, que celebra a diversidade da vida e que conecta coa natureza e co misterio. En tradución de Blanca Roig.

Hércules Cartonado
26 x 26 cm 44 páxinas

ISBN: 978-84-18966-06-4
15,20 €

**Manuel Pombo****O can e o gato**

Manuel Pombo, co texto, e María Lires, coas ilustracións, fúndense para crear unha atmosfera engaiolante arredor das aventuras dun can preguiceiro e da chegada dun novo inquilino á súa casa. Unha ollada tenra sobre as relacións entre os humanos e os animais. Unha reflexión, tamén, sobre a amizade.

Galaxia Cartonado
24 x 21 cm 24 páxinas

ISBN: 978-84-9151-731-3
15,20 €

Marta Lado**A pita xefa**

Unha pequena pita cun soño pode facer moitas cousas: salto de lonxitude, bailar claqué... pero, sobre todo, pode conseguir o máis importante: mudar as normas do galiñeiro! Segundo o xurado do premio, o texto loita contra os estereotipos, cunha historia orixinal, divertida e reivindicativa sen caer en dogmas. Ilustracións: Marina Seoane.

Baía Cartonado
15 x 19 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-9995-381-6
14 €

Laura Rey Pasandín**Madeira e metal**

Aixa, unha nena de aldea, ten que marchar coa familia para a cidade. A morriña e a lembranza permanente da vida de antes leváranla a construír unha pandeireta e buscar a alegría a través da música. Ilustrado por Laura Romero.

Baía Cartonado
15 x 19 cm 24 páxinas

ISBN: 978-84-9995-365-6
13 €

Toño Núñez**Ana e a lúa lueira**

Conto con partituras que fala de Ana, unha pequena que vive soa co pai e baixo a protección da lúa lueira que mira por ela. Con ilustracións de Fernando Gómez Jácome.

Baía Cartonado
15 x 19 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-9995-366-3
13 €



Ramón D. Veiga

Miñoca e Coello

Miñoca atópase con coello e, aínda que ao principio parecen non facer boas migas, axiña se decatan de que a amizade está moi por riba das diferenzas... Ou, se cadra, non tanto. As ilustracións son de Iván R.

Xerais Rústica 17 x 24 cm 56 páxinas

ISBN: 978-84-9121-980-4

12,20 €



Irene Alonso Gasalla


A caca cuca

Poderías contar... cantas cacas de can pisaches? Eu son a Caca Cuca, e a min de seguro que me esquivaches! Con ilustracións de Bea Gregores.

Galaxia Cartonado 24 x 21 cm 24 páxinas

ISBN: 978-84-9151-744-3

15,20 €



Leire Bilbao

Poemas bestas e outros bechos

Os protagonistas dos poemas son criaturas que habitan na terra, na auga e no aire. Versos adaptados polo tradutor Isaac Xubín con simpáticas rimas e ritmos pegadizos que destacan pola súa musicalidade. A diversión e o sentido lúdico da poesía impregnan as páxinas do libro. Ilustrado por Maite Mutuberria.

Kalandraka Cartonado 15 x 23,5 cm 72 páxinas


ISBN: 978-84-1343-104-8

En castelán:

Bestiapoemas y otros bichos

ISBN: 978-84-1343-105-5

14 €



Kristina Sabaite

As caras da miña choiva

A avoa da protagonista di que a choiva ten moitas caras. Caras ocultas, que só os que quedan quietos, e observan, poden ver. Con ilustracións da propia autora.

Galaxia Cartonado 21,5 x 22 cm 24 páxinas

ISBN: 978-84-9151-735-1

15,20 €



Sergio Costas Chaos

O monstro e a nena

Había unha vez un monstro ao que lle doía un corno e foi á cidade na procura dun médico. Ilustracións de Jorge J. Costas.

Galaxia Cartonado 24 x 21 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-9151-746-7

15,20 €



Paloma de Toro


A receita do queixo lunar

Alá no alto, por riba das túas cellas, das árbores, das nubes, era onde habitaba a queixeira Petroski. Vivía na lúa, por iso podemos chamala unha "lunática". Traballaba arreo facendo queixos. Nas noites de lúa chea facía queixos redondos, nas noites de lúa crecente facía metades de queixo, e nas noites de lúa decrecente facía metades de queixo e dáballes a volta. Cando había lúa nova descansaba, xa que non quedaba rastro da lúa no ceo. As ilustracións son de Nuria Díaz.

Galaxia Cartonado 24 x 21 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-9151-736-8

15,20 €



↑8

Asa Lind Zackarina e o Lobo de Area

Este libro culmina a triloxía protagonizada por unha ne-na curiosa e inconformista e o seu sabio e inseparable amigo, logo da publicación de *O Lobo de Area* e *As historias do Lobo de Area*. Unha saga creada para seguir o crecemento de Zackarina a través de valiosas leccións vitais -a amizade, o medo, a morte- sempre ao carón de Lobo de Area, que a escoita e comprende. Con ilustracións de María Elina Méndez e tradución de Antón Lado.

Kalandraka Cartonado 15 x 23,5 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-1343-096-6

16 €

En castelán:

Zackarina y el Lobo de Arena

ISBN 978-84-1343-097-3




Yolanda Castaño Paleta Planeta

Yolanda Castaño e Xosé Tomás volven xuntar os versos e a paleta de cores para crear un libro con rimas que fala de emocións, de lugares e dos sentidos, en microhistorias para espertar a imaxinación.

Baía Cartonado 24 x 17,5 cm 34 páxinas

ISBN: 978-84-9995-380-9

16,34 €



↑7

Seán Virgo A nai sombra

Adaptación de varias lendas da cultura *selkie*, vencellada a criaturas mitolóxicas acuáticas con raizame en Irlanda, Escocia, Islandia e as Illas Feroe. O protagonista deste texto poético, enamorado dunha misteriosa moza que coñecera onda o mar, toma a súa sombra para evitar que esta o abandone. Pasado o tempo o fillo de ambos descubrirá un antigo cofre que pertencera ao seu pai cando era navegante. Ilustracións de Javier Serrano e tradución de Martín Veiga.

Kalandraka Cartonado 16 x 24 cm 64 páxinas


ISBN: 978-84-1343-100-0

15 €

En castelán:

Madre sombra

ISBN: 978-84-1343-101-7



↑8


Glenn Ringtved Chora, corazón, pero endexamais raches

Catro nenos sentan na mesa da cociña e choran pola súa avoa, gravemente enferma, a quen a Morte acaba de vir buscar. Morte toma unha cunca de café con eles mentres lles conta unha historia que os fai entender que a morte é triste, pero tamén necesaria, e que lles axuda a decatarse do valor da perda da vida e a importancia de poder dicir adeus. Con ilustracións de Charlotte Pardi e tradución de Dragana Djordjevic.

Galaxia Cartonado 17 x 24 cm 24 páxinas

ISBN: 978-84-9151-730-6

15,20 €



↑10

Mary Norton A bruxa novata

Carey, Charles e Paul están na casa da súa tía cando ven a señorita Price caer ó chan dende a súa vasoira. Os rapaces descubren así que é unha aprendiz de bruxa e manteñen o segredo a cambio dun agasallo: un pomo máxico que os levará de viaxe polo tempo e polo espazo a bordo dunha cama. Un clásico do século XX levado ao cinema, que perdura polo seu poder de imaxinación e diversión. A tradución é de Moisés Barcia.

Sushi Rústica 14 x 21 cm 190 páxinas

ISBN: 978-84-16884-52-0

17,10 €



↑10


Eduard Bass O equipo Chascadentes

A familia Chascadentes ten once fillos, suficientes para formar un equipo de fútbol invencible. Os irmáns mantéñense sempre unidos e adóstranse rigorosamente, ata chegar á primeira división e converterse nos campións de Checoslovaquia. Publicada hai un século e ilustrada por Josef Čapek, esta obra é un clásico da literatura checa que celebra a fraternidade e o traballo honesto para acadar as metas máis altas. En tradución de Moisés Barcia.

Sushi Rústica 14 x 21 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-16884-51-3

15 €



↑10

Manuel Rivas**A nena lectora**

«Aurora achegouse e abrazoume. Detrás dela había un grupo de mulleres. Presentoumias: "Son a miña cuadrilla de cigarreiras. Traballamos xuntas na fábrica. Ti farás que soñemos mentres traballamos." Agora ese ía ser o meu oficio. O de nena lectora». Entre finais do século XIX e comezos do XX a cidade da Coruña foi faro do pensamento libertario en Galicia. Os ateneos e as bibliotecas de barrio eran a porta de acceso á cultura das clases populares, a solidariedade obreira floreceu. Nas fábricas de tabacos e de mistos as traballadoras organizáronse para mellorar as súas condicións de vida. A lectura dentro das fábricas é o símbolo poderoso deste movemento de esperanza que se viu truncado a partir de 1936. A nena lectora é o segundo título da colección Pequena Memoria, para recuperar as voces silenciadas da historia. Ilustrado por Susana Suniaga.

Xerais Cartonado 19,5 x 26,6 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1110-001-4

15,75 €



↑10

Libro + CD


Fina Casalderrey**O xenio da Cidade do Sal**

«Se che contan que estou tolo, que me divirte moito falar de porcalladas escatolóxicas, ou se che din que me pega a risa por calquera parvada, non lles fagas caso, caca podrel! Simplemente, son un xenio». Ese xenio é Mozart e ten 12 anos en 1768. Con este relato de misterio e aventura, Fina Casalderrey achega a figura do xenial compositor a través dunha viaxe polo Camiño de Santiago ata chegar a Galicia. O libro contén un CD, coordinado e interpretado polo frautista Luis Soto, con cuartetos de Mozart para frauta e trío de cordas que dialogan coas músicas tradicionais galegas. Ilustrado por Xosé Cobas.

Xerais Rústica 13,5 x 19 cm 176 páxinas

ISBN: 978-84-1110-002-1

13,15 €



↑12

Lucy Maud Montgomery**Anne, a de Tellas Verdes**

Matthew e Marilla Cuthbert son dous irmáns que viven en Avonlea na Illa do Príncipe Eduardo de Canadá. Ao necesitar axuda na súa granxa, Tellas Verdes, solicitan adoptar a un neno dun orfanato. Por erro, unha nena roiba e penceda de once anos chamada Anne Shirley é enviada cos irmáns. Mentres que Matthew acolle instantaneamente a Anne, Marilla non está segura de quedar con ela. Con todo, a alegre e sumamente imaxinativa Anne transforma gradualmente a triste vida do tímido Matthew e a melindrosa Marilla, que chegan a vela como unha filla. Traducida por Raquel Senra Ferrer.

Hércules Rústica 14 x 21 cm 288 páxinas

ISBN: 978-84-18966-13-2

15 €


**Frances Hodgson Burnett****O xardín secreto**

Mary Lennox é unha consentida rapaza que, tras a morte dos seus pais na India debido a unha epidemia de cólera, vai vivir co seu tío Archibald Craven, viúvo e cun fillo enfermo, na súa agonizante mansión de Yorkshire, xunto coa estrita ama de chaves Medlock. Pero todo cambia para ela ao coñecer dous novos amigos. Entre os tres exploran un xardín que permanecía oculto á vez que descubren unha increíble maxia, coa que rehabilitan o lugar e establecen unha relación que cambiará para sempre os seus destinos. Tradución de Clara Bao Rivas e Tania Carril.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 300 páxinas

ISBN: 978-84-9151-713-9

14,90 €

**Edith Nesbit****O castelo encantado**


Jerry, Jimmy e Cathy son tres irmáns que pasan as súas vacacións nunha pequena vila do suroeste de Inglaterra. Mentres exploran a contorna chegan a un castelo cun xardín encantado, onde espertan unha fermosa princesa que ten un anel máxico. Pero as cousas non sempre son como parecen, e a princesa é a sobriña da ama de chaves, aínda que o lugar si que está encantado, e terán que usar a maxia do anel para saír de moitos enredos. Un texto que mestura maxia, aventuras, misterio e moita imaxinación! Traducido por Clara Bao Rivas e Tania Carril.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 270 páxinas

ISBN: 978-84-9151-726-9

14,90 €

POESÍA

**Ana María Fernández Martínez****Incesante vagalume**


"Espertei. Nese intre deixei de abranguer a illa cos meus brazos para saltar ao máis escuro onde os pensamentos eran líquidos e as mans, nerviosas, procuraban un camiño de volta entre as escumas. E vinme noutro espazo. Parecía un xardín azul, sen hortensias. Se me achegaba, descubría que era unha fraude cada planta e que peixes de cores cruzaban polas redes das follas e abrían as bocas invocando o meu nome. Espertei nun mundo distinto, pero eu era a mesma. Por primeira vez podía sentir o paradoxo dun soño".

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 100 páxinas

ISBN: 978-84-9151-729-0

